

**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SANXENXO  
RESULTANTE DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 22 DE MAIO DE  
2.011.**

No salón de sesións da casa do Concello de Sanxenxo, sendo as once horas do día **once de xuño de dous mil once** e para dar cumprimento ao disposto polos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións locais e á elección de Alcalde, reúnense os Sres/as. concelleiros/as electos/as nas eleccións locais celebradas o día 22 de maio de 2.011 e que, segundo a **Acta de Proclamación da Xunta Electoral de Zona de Cambados de 25 de maio de 2.011**, son os seguintes:

**Polo Partido Popular:**

- **D<sup>a</sup> Catalina González Bea**
- **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez**
- **D. Salvador Durán Bermúdez**
- **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel González Domínguez**
- **D. Marcos Guisasola Padín**
- **D<sup>a</sup> María Deza Martínez**
- **D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- **D<sup>a</sup> Almudena Aguín Fernández**

**Por Sanxenxo Agrupación Liberal:**

- **D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cruz Barbeito Barreiro**
- **D. Francisco Villaverde Otero**

**Polo Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español:**

- **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dulcinea Aguín Pombo**
- **D. José Buezas Méndez**
- **D. Marcos-Alberto Redondo Vilavedra**

**Polo Bloque Nacionalista Galego:**

- **D. David Otero Domínguez**
- **D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso**

**Por Veciños Independentes Por Sanxenxo:**

- **D. José Luis Rodríguez Lorenzo**

Asisten o Interventor Xeral do concello, D.José-Juan Vidal Vilanova e o Secretario Xeral do concello D.Ángel Luís López Pita, que dá fe do acto.

### **1º) FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.**

En primeiro lugar procédese á formación da Mesa de Idade que está integrada por **D.José Buezas Méndez**, concelleiro electo de maior idade, que pasa a presidila, e **Dª María Deza Martínez**, por ser a de menor idade, todo elo en cumprimento do artigo 195.2, da Lei do Réxime Electoral Xeral.-----

### **2º) COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.**

Faise constar polo Secretario Xeral deste concello que, de conformidade co sinalado no artigo 195.3, da Lei do Réxime Electoral Xeral, a Mesa de Idade comprobará si as credenciais presentadas por cada un dos concelleiros/as electos/as coinciden coa relación que figura na acta de proclamación lida anteriormente.-----

### **3º) PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN DE INTERESES E CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES.**

Faise constar polo Secretario Xeral deste concello que todos os concelleiros/as electos/as presentaron as declaracións de intereses e causas de posible incompatibilidade e actividades, así como de bens patrimoniais.-----

### **4º) TOMA DE POSESIÓN DOS SRES/AS. CONCELEIROS/AS.**

Para dar cumprimento ao artigo 108.8 da Lei do Réxime Electoral Xeral que literalmente dí: *"No momento de tomar posesión e para adquiri-la plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentalos demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos"* e visto o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento ou promesa en cargos e funcións públicas, todos os concelleiros/as electos/as, agás os membros da Mesa de Idade que o fixeron no momento da constitución daquela, previa acreditación da súa personalidade ante a Mesa de Idade mediante a presentación da credencial de concelleiro/a electo/a expedida pola Xunta Electoral de Zona de Cambados, procederon, na orde que consta na certificación achegada pola Xunta Electoral, a tomar posesión do cargo de concelleiro/a do Concello de Sanxenxo utilizando a fórmula transcrita.

Seguidamente a Presidencia da Mesa de Idade declarou constituída a Corporación municipal de Sanxenxo resultante das eleccións locais celebradas o 22 de maio de 2.011.

Polo Secretario Xeral deste concello faise constar á Corporación municipal que, segundo o disposto polo artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, está a súa disposición o Libro Inventario de Bens do Concello, así como o arqueo e demais documentación á que se refire o sinalado artigo, que custodia o Interventor Xeral do Concello presente nesta sesión.-----

## **5º) PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.**

O Secretario Xeral manifesta que de acordo co artigo 196 da Lei do Réxime Electoral Xeral "Na mesma sesión de constitución da corporación procédese á elección de alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

a) *Poden ser candidatos tódolos concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas.*

b) *Sei algún deles obtén maioría absoluta dos votos dos concelleiros/as é proclamado electo.*

c) *Se ningún deles obtén dita maioría, é proclamado alcalde o concelleiro/a que encabece a lista que haxa obtido maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate, resolverase por sorteo".*

Segundo o disposto no apartado a) do citado artigo 196, o Presidente da Mesa de Idade convida aos cabezas de lista dos partidos con representación municipal para que manifesten si se presentan á elección de Alcalde.

Consultados os cabezas de lista mostraron a súa intención de presentarse á elección de Alcalde/sa, **Dª Catalina González Bea, D. Gonzalo Gonzalo Pita e D. José-Luis Rodríguez Lorenzo.**

Á vista do manifestado polos cabezas de lista, a Mesa de Idade proclama como candidatos/as á Alcalde/sa a **Dª Catalina González Bea, D. Gonzalo Gonzalo Pita e D. José-Luis Rodríguez Lorenzo.** -----

## **6º) ELECCIÓN DE ALCALDE.**

A continuación procedeuse a elección de Alcalde/sa mediante o sistema de votación ordinaria, dándose o seguinte resultado:

### **VOTACIÓN:**

- Votos a favor da candidata **Dª Catalina González Bea**.....8 votos.
- Votos a favor do candidato **D. Gonzalo Gonzalo Pita**.....3 votos.
- Votos a favor do candidato **D. José Luís Rodríguez Lorenzo** .....1 voto.
- Abstencións.....5 votos.

A Presidencia da Mesa de Idade, ao non obter ningún candidato/a a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros/as, de conformidade co establecido no apartado c) do artigo 196 da Lei do Réxime Electoral Xeral, proclama Alcaldesa electa do Concello de Sanxenxo a D<sup>a</sup> Catalina González Bea por ser a concelleira que encabeza a lista de partidos con máis votos no concello.-----

#### **7º) TOMA DE POSESIÓN DA ALCALDÍA.**

A continuación **D<sup>a</sup> Catalina González Bea** procedeu a tomar posesión do cargo de Alcaldesa do Concello de Sanxenxo utilizando a fórmula disposta no Real Decreto 707/1979.

Seguidamente o Presidente da Mesa de Idade entregou a **D<sup>a</sup> Catalina González Bea** o bastón de mando da Alcaldía, pasando esta a ocupar a Presidencia da sesión.

A continuación toma a palabra a Sra. Alcaldesa do Concello de Sanxenxo, **D<sup>a</sup> Catalina González Bea**, dirixindo unhas breves palabras aos presentes.-----

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Presidencia da por rematada a mesma sendo as once horas e vinte minutos, de todo o que, como secretario, **DOU FE:**